

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE XUÑO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:20 horas do día 2 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 31 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste a toda a sesión agás aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)  
D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 1b, 7a, 8a, 9a e 10a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)  
D. Luis García Álvarez (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 2b e 3b)  
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 8b e 9b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas****a) Acta da sesión do 22 de maio de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 22 de maio de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**b) Acta da sesión do 25 de maio de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 25 de maio de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. José Riesgo Boluda.

**c) Acta da sesión do 29 de maio de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 29 de maio de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**2.- Apertura administrativa****a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:40	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A541-E1E156-292884-HEZJDD-5S45W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 25 de maio de 2017, o 26 de maio se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI) (“deberá declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional segundo se esixe na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares ao non existir unha clasificación alternativa para este contrato”).
2. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (“deberá declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares”).

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI)
- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 29 de maio de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. para que emendase a documentación persoal.

O citado licitador presentou documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:40	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A541-E1E156-292884-HEZJDD-5S45W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Asisten á apertura D. José Ramón Pérez Álvarez, con DNI 36.114.601-R, como delegado de persoal de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.; D. Antonio Andrade Quinteiros, con DNI 36.142.362-R, en representación do Comité de Empresa UGT-FESM; D<sup>a</sup>. María Loreto Oíza Galán, con DNI 29.097.603-G, en representación de GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.U.; D<sup>a</sup>. Natalia Zunzunegui Garrido, con DNI 36.098.330-Z, en representación de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.; D. Jorge Catoira Daquinta, con DNI 34.892.181-P, en representación de COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A.; D<sup>a</sup>. Cristina García Pleguezuelo, con DNI 44.470.779-A; en representación da UTE GRUPO AL VIGO; D. Jorge Ferreiro SAA, con DNI 36.040.704-A, en calidade de delegado de persoal CIG de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.; e D. Roberto Galego Rouco, con DNI36.052.415-F, como delegado de persoal de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Asiste á apertura D. Miguel Pereira Álvarez, con DNI 35.573.160-A, en representación de CREACIONES LUMINOSAS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 11 de maio de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. UTE GOC, S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.
2. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
3. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

1. UTE GOC, S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.
2. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:40	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A541-E1E156-292884-HEZJDD-5S45W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)

Non presentou documentación en prazo ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 30 de maio de 2017 o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informes sobre as xustificacións presentadas.

Asiste á sesión D. Jerónimo Centrón Castaños, enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, para aclarar as dúbidas formuladas polos membros da Mesa.

A continuación, a Mesa, por unanimidade, acepta os anteriores informes e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas:

1. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
2. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 30 de maio de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

**b) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306) (informe sobre 2)**

Entrégase o informe asinado polos arquitectos municipais o 30 de maio de 2017 de valoración do sobre 2 *“Modelo de quiosco proposto”*.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:40	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A541-E1E156-292884-HEZJDD-5S45W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 30 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

**b) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polos arquitectos municipais o 30 de maio de 2017 de valoración do sobre 2 “*Modelo de quiosco proposto*” e acorda excluír deste procedemento a D. Ricardo Santiago Daponte para o lote 3 (areal do Tombo do Gato) por cualificarse como NON APTA a súa proposta “*por superar a superficie máxima construída de 20,00m². En concreto, a superficie construída total acada os 20,61m²*”, non cumprindo as características esixidas na cláusula duodécima do prego de cláusulas administrativas particulares.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de AIN ACTIVE, S.L.U., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de maio de 2017, por non superar o umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliables mediante xuízo de valor.

Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de maio de 2017:

1. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
2. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:40	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A541-E1E156-292884-HEZJDD-5S45W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	<b>93,80</b>
2	UTE FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, S.L.P. - CONSULTORA DE INGENIERÍA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L.	<b>86,44</b>
3	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	<b>85,96</b>
4	PROYFE, S.L.	<b>84,75</b>
5	UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y, S.L.N.E.U.	<b>83,51</b>
6	UTE ORDENACIÓN TERRRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. - FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	<b>80,95</b>
7	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	<b>76,84</b>

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE (5.825,00 euros), esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente").

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.198,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:40	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A541-E1E156-292884-HEZJDD-5S45W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		